

DAS MULLERES E DA DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO

Pilar Allegue

Non se nace muller: chégase a ser.
(Simone de Beauvoir. *Le deuxième sexe*. 1949)

I. Introducción

A articulación histórico-cultural da división sexual dos traballos, na nosa tradición occidental, está moi relacionada coa división social xerárquica que a Ilustración eleva a arquetipos. Os séculos XVII e XVIII consagrarán como centralidade política ao suxeito individual e será a súa vontade tácita, ou ben explícita, a que decidirá a construción da sociedade civil.

Filósofos como LOCKE, HOBBS, SPINOZA, ROUSSEAU, KANT, dende perspectivas diferentes pero similares obxectivos racionalistas, elaboran as institucións político-xurídicas que caracterizan ao chamado mundo occidental.

A declaración de Dereitos do Home e do Cidadán de 1789 é a bandeira, o emblema do ideal ilustrado emancipatorio. É a defensa universal da igualdade, da liberdade, da fraternidade de todos os homes. Pero o resultado é como mínimo aporético: a súa universalidade é parcial e interesada, pois xa no seu tempo comporta importantes exclusións de xénero, de clase, de nacionalidade, de etnia. Parece toda unha montaxe, unha “fonte de discriminación” das mulleres, das clases populares, dos non nacionais. A niveis xurídicos os dereitos do home e do cidadán vanse identificar e, aínda hoxe, a cidadanía unida á pertenza a un territorio é exluínte: un exemplo cruel é o da inmigración. Confórmase neste tempo o que Celia AMORÓS denomina “un club restrinxido de varóns”, onde o prototipo é ser branco, burgués, nacional¹.

LOCKE establece qué entende por poder, distinguindo o poder do maxistrado sobre o súbdito, do pai sobre o fillo ou do esposo sobre a muller². Distingue o ámbito público do privado e di: “A primeira sociedade que se formou foi a do home e a muller, dando lugar á sociedade entre pais e fillos”. A función

¹ AMORÓS, C.: “Presentación (que intenta ser un esbozo del status questionis)” en AMORÓS, C. (ed.): *Feminismo y filosofía*. Madrid, Síntesis, 2000, p. 9-114.

² LOCKE, J.: *Segundo tratado sobre el gobierno civil*. Trad. de C. Mellizo. Madrid, Alianza, 1994, p. 34.

reprodutora e o coidado da familia é, segundo LOCKE, a razón principal para que varón e femia estean unidos máis tempo que outros animais. O *pater familiae* detenta o poder de gobernar que “haberá de caer naturalmente do lado do varón por ser este o máis capaz e o máis forte”³.

O varón exerce o seu poder no ámbito público, político. As mulleres “naturalizadas” comparten a esfera privada cos fillos. Ela non pode ser nin sequera propietaria. ROUSSEAU, de maneira explícita (e provocadora), afirma que o Contrato Social é soamente entre varóns que constitúen a vontade xeral⁴.

A natureza é o paradigma normativo para ROUSSEAU e os xacobinos, para os que a muller é o sexo reprodutor. A cultura, a racionalidade instrumental, é dicir, a ciencia, é produto dos varóns. Consólidase o patriarcado, un poder que asigna espazos, como afirma Cristina MOLINA⁵ e no que o varón —*ἄνθρωπος*, *ἄνδρως*— ocupa o centro hexemónico da vida social. Cuestionar o androcentrismo⁶ significará cuestionar as súas consecuencias e, no caso que nos ocupa, a distribución de roles que leva aparellada a división sexual do traballo.

II. División sexual do traballo

Da concepción ilustrada “natureza-cultura” dérivase, pois, unha comprensión de roles diversos. As mulleres non van ser definidas polo campo de produción e reprodución extradoméstico senón polas súas funcións biolóxicas — maternidade, coidado— e as derivadas destas funcións na organización social. A cultura occidental “naturaliza” o rol feminino como nai e a “esencia masculina” como xeradora da razón instrumental da cultura, da ciencia. Conságranse deste xeito os dous ámbitos, privado e público, que determinan a definición social dos roles feminino e masculino.

Durante séculos na nosa tradición cultural occidental (e segue a estar presente) os varóns estiveron vinculados ao espazo público. As mulleres tiveron a súa funcionalidade no ámbito privado, doméstico.

³ *Ibidem*, p. 97-101.

⁴ ROUSSEAU, J.J.: *Emilio o De la Educación*. Trad. L. Aguirre. Madrid, Edaf, 1990, V, p. 411.

⁵ MOLINA, C.: *Dialéctica feminista de la ilustración*. Barcelona, Anthropos, 1993.

⁶ Sobre a explicación do termo androcéntrico recoméndase a lectura de MORENO, A.: *La otra política de Aristóteles*. Barcelona, Icaria, 1988, p. 23-30.

Hoxe parece que cambiou esta asignación primaria de roles. Cómpre facer dúas apreciacións antes de seguir. En primeiro lugar, non podemos asumir esta situación sen sermos conscientes de que é un longo camiño o percorrido (a revolución incruenta máis importante do noso século, afirmará BOBBIO no libro *El tiempo de los derechos*) e que moitos dos logros, na nosa cultura, son recentes. Advirtamos que é a Asemblea Xeral da ONU de 20 de decembro a que recoñece os dereitos políticos, o dereito ao voto das mulleres, na convención de 1952.

En segundo lugar, parece asumida a realidade dunha redefinición dos roles masculino e feminino nas esferas sociais extradomésticas e laborais, pero non ocorre o mesmo nas domésticas. As conquistas de igualdade e valoración social das mulleres son resultado das reivindicacións abandeiradas polas nosas “avoas” feministas e as reivindicacións continúan porque o recoñecemento do papel extradoméstico e privado das mulleres é fundamental para poder alcanzar a súa autonomía, cando menos individual. Sen embargo, a título informativo, é importante sinalar que existen correntes feministas que alertan sobre este recoñecemento e asunción da igualdade de maneira mecánica. Para Rita RALD PHILIPP é necesario comprender que isto significa asumir o “modelo ideal válido” —como seres humanos— de varón vinculado exclusivamente á produción e, por iso, reprodución extradoméstica.

Esta división do traballo derivada da concepción ilustrada asume como importante para a realización humana o ámbito de produción pública⁷. Efectivamente parece que as mulleres alcanzamos a igualdade cando traballamos fóra da casa, pero estudos sociolóxicos e datos do Instituto da Muller indican que aquelas mulleres que traballan fóra da casa conservan como básica a función doméstica de resolución dos labores de infraestrutura do fogar e de reprodución biolóxica. Nos estudos sobre o uso do tempo realizados por M.^a Jesús IZQUIERDO⁸ e R. RAMOS TORRES⁹ quedan reflectidas as diferencias: o varón emprega 0,70 horas, mentres que as mulleres dedican 5,07 horas ó día a tarefas domésticas. É moi interesante tamén o dato de que a muller ama de

⁷ RADL PHILIPP, R.: “La nueva definición del rol femenino” en RADL PHILIPP, R. e GARCÍA NEGRO, C. (coord.): *A muller e a súa imaxe*. Santiago de Compostela, Universidade, 1995, p. 29-49.

⁸ IZQUIERDO, M.^aJ.: *La desigualdad de la mujer en el uso del tiempo*. Madrid, 1988.

⁹ RAMOS TORRES, R.: *Cronos dividido*. Madrid, 1990.

casa emprega 6,55 horas diarias (como media semanal) en labores domésticos e a muller con actividade laboral fóra da casa 3,38h¹⁰.

Unha das teorías filosóficas que explican esta concepción dual dos roles é a psicanálise freudiana, que eleva a canónica a explicación ideolóxica a través da “carencia” de pene das mulleres. Bioloxicamente as mulleres envexarían o pene: “a anatomía marca o destino”, dirá FREUD en 1925. FREUD tamén fala do complexo de Edipo como un complexo de castración e fará afirmacións durísimas coma esta, de 1931: “Nalgún momento a nena descobre a súa inferioridade orgánica”. En 1933 di: “A influencia da orde social empuxa ás mulleres a situacións pasivas”. A única saída é a maternidade que as realizará como nais, non como mulleres. Ideoloxías coma esta sustentan a orde establecida. Afortunadamente, os estudos sociolóxicos e das científicas sociais remítennos a explicacións culturais que teñen moito que ver cunha familia e cultura patriarcal, xerarquías de poder onde o papel principal está protagonizado polos varóns. A realización do ser humano —varón ou muller “liberada”— faise na ágora pública. A vida social, tal como dixemos, está ocupada como centro hexemónico polo androcentrismo e faise necesario o seu desenmascaramento.

Mary NASH denunciou o discurso da “domesticidade” propio do século XIX e principios do XX, onde o prototipo é unha muller “moi valorada” como “anxo do fogar”, pero con prohibición expresa de traballar fóra da casa. O prototipo é unha perfecta ama de casa e nai, rexamente organizadora e tenramente coidadora dos nenos, dos seus. A súa educación está en función de ser peza clave contribuínte da civilización, como reprodutora e transmisora dos valores da civilización —porque dende o fogar tamén se contribúe á civilización—, invisibilizada nun traballo que, por outra parte, din os xerarcas que é moi importante socialmente¹¹.

O século XIX, a través do código civil napoleónico, establece normativamente o poder do *pater familiae*, cristalizando os roles e funcións familiares que novamente lexitimán a posición de subordinación das mulleres ao seu marido.

¹⁰ RADL PHILIPP, R.: “La nueva...”, *op. cit.*, p. 44-45.

¹¹ NASH, M.: “Identidad cultural de género, discurso de la domesticidad del trabajo de las mujeres en la España del siglo XIX” en DUBY, G. e PERROT, M. (dir.): *Historia de las mujeres. IV: El siglo XIX*. Madrid, Santillana, 2000, p. 612-623.

Véxase, así mesmo, NASH, M.: *Rojas. Las mujeres republicanas en la guerra civil*. Madrid, Taurus, 1999, p. 35-69.

Neste modelo familiar a muller carece de dereitos, non existe o divorcio, calquera actividade en contra da autoridade paterna está penada e a sexualidade ten como función a reprodución. A división sexual do traballo segue a ser a mesma: para as mulleres os traballos derivados da maternidade, o coidado e labores domésticos, o ámbito da vida privada; polo contrario, os varóns protagonizarán o ámbito público. É un tipo de familia autoritaria. O estado intervén na consolidación desta división sexual do traballo. Unha concepción familiar máis liberal é a que xorde despois das dúas guerras mundiais, na que a muller é suxeito de dereitos, tanto políticos —de voto— coma sociais, pero esta liberalización non leva consigo o recoñecemento e atención pública das tarefas e funcións sociais que realizan as mulleres no ámbito privado familiar.

III. Sobre os feminismos

Carol PATEMAN sostén que o elemento definatorio da cidadanía é a capacidade para gañar un salario, porque garante a autonomía¹². Hoxe existen moitas mulleres que non teñen un traballo remunerado, ou traballan a tempo parcial. En España os últimos informes din que as mulleres somos algo máis do 51% da poboación e outro dato significativo é que “case o 60% das españolas non traballan fóra da casa, o que implica un mínimo poder adquisitivo e aquelas que o fan sofren o paro nunha proporción dúas veces maior que os homes”¹³. As tendencias demográficas indican un descenso en toda Europa, pero a dependencia empeora porque as persoas maiores aumentan e o papel da muller “coidadora” non se reduce. As funcións sociais do ámbito doméstico — privado— son para as mulleres dunha familia un traballo non remunerado e non recoñecido. É moi importante visibilizar este traballo das mulleres a terceiros nas familias. A familia foi e segue a ser quen atende as necesidades de asistencia social. As mulleres que se dedican a estas ocupacións non reciben nin salario, nin seguridade social, pero realízanlle un gran servizo ao estado de forma gratuíta sen que lles sexa recoñecido o seu gran labor.

¹² PATEMAN, C.: *El contrato sexual*. Madrid, Cátedra, 1995.

¹³ DRAKE, V.: “¿Romperemos el techo de cristal?” en suplemento *Mujer hoy*. *La voz de Galicia*, (13-19 de novembro de 2004)

As feministas escandinavas puxeron de relevo a forma na que as mulleres se converteron en empregadas do estado do benestar a grande escala, pero comprobaron que a maioría dos traballos que facían eran os mesmos que realizaban na casa —por exemplo, o coidado dos nenos— e que estes traballos eran os peor pagados e os peor considerados socialmente, co que a situación se resolvía na substitución do “patriarca privado” polo “patriarca Estado”¹⁴.

Sen embargo, dende a Segunda Guerra Mundial algúns países saíron do modelo histórico. Os países escandinavos superaron o modelo de varón gañador do sustento, as mulleres ocuparon empregos remunerados aumentando as medidas para o coidado dos fillos e fíxose realidade a familia na que se ingresan dous soldos. Non obstante o traballo de coidadora na casa, tanto dos nenos coma dos anciáns, non está resolto debido á mala organización da infraestrutura de garderías, asistencia a domicilio ou ben do voluntariado, o que nos obriga a pensar en políticas de igualdade que contemplan as relacións entre traballo remunerado e non remunerado das mulleres para evitar as desigualdades sociais.

É aquí onde toman toda a súa forza as reivindicacións feministas dos anos setenta que Kate MILLER plasma no lema “o persoal é político”¹⁵. “O feminismo é política”, afirma Celia AMORÓS, porque cuestiona o poder, e a irracionalización do poder, esclarecendo e denunciando as súas formas encubridoras¹⁶.

Parécenos interesante expoñer algúns puntos diverxentes das dúas visións teóricas do feminino, chamadas da igualdade e da diferenza.

O feminismo da igualdade, herdeiro da Ilustración, recolle en primeiro lugar a conquista da individualidade, ser persoa, persoa maior de idade, autónoma. Despois veñen as diferenzas, as mulleres non deben ser definidas como algo relacional senón como suxeitos, o mesmo que os varóns. Unha teórica significada é Simone de BEAUVOIR e a súa obra *De deuxième sexe*¹⁷. Esta conceptualización cuestiona as definicións bioloxistas e as funcións derivadas

¹⁴ NELSON, J.: “Feminismo y economía” en VILLOTA, P. (ed.): *La política económica desde la perspectiva de género. La individualización de los derechos sociales y fiscales en la U.E.*. Madrid, Alianza, 2000, p. 61.

¹⁵ MILLET, K.: *Política sexual*. Trad. de A.M.^a Bravo. Madrid, Cátedra, 1995.

¹⁶ AMORÓS, C.: “Presentación...”, *op. cit.*, p. 12.

¹⁷ BEAUVOIR, S. de: *Le deuxième sexe*. París, Minuit, 1949. Trad. española: *El segundo sexo. I: Los hechos y los mitos. II: La experiencia vivida*. Madrid, Cátedra, 1979.

dela: maternidade e coidados familiares e da casa. Condena a invisibilidade do ámbito privado e doméstico e reclama a igualdade no ámbito público. Os labores domésticos e valores de coidado para o benestar humano, o feminismo da desigualdade convérteos en “servizos públicos” porque senón obrigan á muller á “dobre xornada”, delegando ás veces estas funcións nas asistentas, garderías, etc. O papel do varón dende esta perspectiva, no mellor dos casos, é unha “axuda” na casa.

As teses do feminismo da diferenza sinalan que a incorporación das mulleres ao ámbito público extradoméstico non significa unha redefinición de roles e xera desigualdade, clasificada como “elemento estrutural do noso sistema”. Non se valoran as funcións sociais do ámbito doméstico nin os valores do coidado para o desenvolvemento humano, tendo un significado central como valores na identidade feminina¹⁸. Para R. RADL “unha lóxica vinculada á experiencia vital non se opón a unha lóxica racional con respecto a fins, nin no campo da construción do coñecemento, nin na vida práctica e social”. Seguindo á autora citada, o feminismo da igualdade conceptualiza o rol das mulleres asimilándoo ao masculino que se toma como modelo ideal clásico. As súas reivindicacións pasan polo recoñecemento das diferenzas e a revalorización dos elementos tradicionais femininos¹⁹.

Unha das consecuencias da situación de desigualdade profesional e social na práctica, tando dende o feminismo da igualdade como dende a diferenza, dáse no ámbito público e con respecto aos postos e cotas altas de poder político, empresarial ou social, e é o “teito de cristal”, esa barreira transparente que moi poucas mulleres das incorporadas ao ámbito extradoméstico, profesional ou político traspasan ao alcanzar os lugares máis altos do poder. Ese “teito de cristal blindado”, como o denomina Rita RADL²⁰, é o resultado do conglomerado ideolóxico, cultural e social.

IV. O teito de cristal e o principio de igualdade

As mulleres somos máis do 51% da poboación española pero os postos de responsabilidade seguen en mans dos varóns. Nas altas empresas, nas altas

¹⁸ RADL PHILIPP, R.: “Igualdad y diferencia de los géneros. Una perspectiva epistemológica” en SANTOS REGO, M. (coord.): *Educación en perspectiva*. Santiago de Compostela, Universidade, 2000, p. 263-269.

¹⁹ *Ibidem*, p. 269.

²⁰ *Idem*.

institucións do estado, na banca, nos medios de comunicación, no poder xudicial, no exército, na Igrexa... Tan só ocupamos o 1,7% dos postos de alta dirección fronte ao 98,3% que controlan os varóns. Non consellos de administración só hai un 4,6% de mulleres, e o 80% ocupan o cargo por razóns familiares de representación patrimonial²¹. No Tribunal Constitucional hai dúas mulleres: a presidenta, Emilia Casas, e Elisa Pérez Vera. No Supremo tres. Ningunha muller é membro do Consello de Estado e soamente unha pertence ao Tribunal de Contas; no Consello Económico Social son nove entre os 61 consellerios²². Cifras actuais infórmanos que o 60% das mulleres no Estado Español non traballan fóra da casa e que o paro é dúas veces maior que nos homes²³. Nun proxecto de investigación realizado na Universidade de Vigo no ano 2002, maniféstase a alarmante desigualdade de xénero tanto no que afecta á elección de carreiras como á presenza das mulleres entre os docentes. Existen carreiras feminizadas, saturadas e infravaloradas. Dun total de 30.890 alumnos/as de 1º e 2º ciclo da Universidade de Vigo do curso 1999-2000, unha porcentaxe do 54% corresponde a alumnas, 46% a alumnos. Delas hai un 6,5% nas ETS, un 47,6% nas E.U. e un 54,2% nas facultades. Os varóns elixen maioritariamente carreiras técnicas, sobre todo nas ETS (75% de homes fronte a un 25% de mulleres). Nas EU —enfermería, maxisterio, traballo social e educación social— hai un 65% de mulleres fronte a un 35% de varóns. Nas facultades de psicoloxía, filoloxías, publicidade, relacións públicas, tradución e interpretación, hai maioritariamente mulleres. Os datos do profesorado non son máis esperanzadores. Na Universidade de Vigo o 65,81% do profesorado son varóns e o 34,19% mulleres. Mostra da desigualdade é a distribución do poder por cargos e categorías: canto máis ascendemos na pirámide de responsabilidades, maior é a diferenza a favor dos varóns²⁴.

Ao noso xuízo estas desigualdade revelan, como sinala entre outras autoras Rita RADL, que o vínculo primordial do rol feminino está unido ó ámbito doméstico e privado, que o vínculo exclusivo dos varóns é o extradoméstico e público, e que isto xera unha situación de asimetría porque as mulleres deben

²¹ DRAKE, V.: “¿Romperemos...”, *op. cit.*, p. 14, 16, 18.

²² *Ibidem*, p. 14.

²³ *Idem*.

²⁴ *Expectativas e aspiracións educativas e profesionais das mulleres na Universidade de Vigo. Barreiras que as obstaculizan*. Proxecto de investigación da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, dirixido por Pilar ALLEGUE. Vigo, Universidade, 2002. Inédito.

realizar unha “dobre función” ou ben “delegar”²⁵. A invisibilidade do traballo doméstico actúa como un mecanismo cotián que reforza a discriminación e garante a situación de desigualdade.

O valor da igualdade é o test obrigado para medir a xustiza social, política ou xurídica. É un referente e, en palabras de Amelia VALCÁRCEL, “al idea pertinaz, incluso cabezota”²⁶. A reivindicación da igualdade como paradigma dos dereitos formou sempre parte importante do feminismo, e por esta razón tomamos de Luigi FERRAJOLI unha aclaración sobre o termo, dende a perspectiva xurídica, que nos parece útil. Segundo este autor existen catro posibles modelos da configuración xurídica das diferencias.

Un primeiro modelo é o da “indiferencia xurídica das diferencias”. Un modelo histórico pode ser HOBBS, para quen a muller cumpre o seu papel natural e de nai.

Un segundo modelo sinala a “diferencia xurídica das diferencias”. As diferencias xerarquízanse e valórase o estatus privilexiado: branco, varón, burgués, protestante... A igualdade é un feito, plásmase na Declaración de dereitos do Home e do Cidadán.

O terceiro modelo homologa xuridicamente as diferencias. As diferencias son valorizadas e negadas porque a defensa da igualdade é abstracta. Está representado nos socialismos reais. Descoñecida a diferenca, asimíllase.

O cuarto modelo representa a igual valoración xurídica das diferencias. Baséase no principio normativo de igualdade nos Dereitos Humanos e as súas garantías. Recoñece as diferencias e valóraas. FERRAJOLI exprésao así: “igual dereito de todos/as na tutela da propia identidade polo igual valor asociado a todas as diferencias que fan de cada persoa un individuo diverso dos outros, e de cada individuo unha persoa coma todas as demais”²⁷.

Despréndese deste cuarto modelo, o máis correcto dende a tese de L. FERRAJOLI na nosa opinión, o recoñecemento da individualidade persoal e a particularidade xenérica.

Xuridicamente deben existir dereitos propios das mulleres: dereito a ser nai, dereito ao aborto. Dereitos de liberdade negativa, pero tamén dereitos-poder,

²⁵ RADL PHILIPP, R.: “La nueva...”, *op. cit.*, p. 29-48.

²⁶ VALCÁRCEL, A.: *Del miedo a la igualdad*. Madrid, Cátedra, 1993.

²⁷ FERRAJOLI, L.: “Igualdad y diferencia” en *Derechos y garantías: la ley del más débil*. Madrid, Trotta, 1999, p. 73 e ss.

obrigas públicas, do Estado, das institucións competentes derivadas da asistencia e coidado tando da nai coma do fillo, tutelas no mundo do traballo e, por esta razón, no dereito laboral.

V. A modo de conclusión

Recordemos unha vez máis con Celia AMORÓS que:

1. O ámbito privado e público transformouse historicamente. Por exemplo, e afortunadamente, a violencia de xénero ou doméstica foi denunciada.
2. Que é preciso visibilizar as relacións de poder do espazo “privado” e sometelas á normatividade, é dicir: politizalas.
3. Débese someter a decisión pública as funcións sociais do ámbito privado para renegociar permanentemente o público e o privado²⁸.
4. Redefinir os roles de xénero, a división sexual do traballo como esixencia dunha máis xusta reorganización social do traballo.
5. Cuestións fundamentais hoxe, no tempo das globalizacións, onde a segmentación do traballo produce a segmentación dos sexos e a flexibilidade laboral, significando a feminización do traballo nun dobre sentido:
 - a) Aumento do emprego feminino pero tamén empeoramento das condicións de traballo.
 - b) Emprego a tempo parcial, en sectores informais, uso e abuso de man de obra inmigrante, reducíndose a segregación horizontal (salvo nos países musulmáns) pero manténdose a segregación vertical, da que posuímos exemplos ben próximos nas nosas universidades.

A esperanza existe, sen embargo, porque moitas son as conquistas. É unha tarefa individual e colectiva. O camiño, como di Simone de BEAUVOIR, en *Le deuxième sexe*, “é un proxecto incesante, un acto diario de reconstrución e interpretación... Sempre se está chegando a ser. Nunca se é”.

²⁸ AMORÓS, C.: “Presentación...”, *op. cit.*, p. 12.